

Anexo 1

Declaración responsable sobre a situación pandémica xerada por Covid-19

Nome do meu fillo/a:.....

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que son consciente do contexto pandémico actual provocado por Covid-19.
- Que me informaron e estou de acordo coas medidas xerais de prevención que As Mariñas definiu e coas accións necesarias a levar a cabo se aparece algún caso dun participante con síntomas compatibles co Covid-19 durante o desenvolvemento do campamento.
- Que o meu fillo/a, terá que levar a mascarilla diariamente ó campamento, e que As Mariñas proporcionará ó meu fillo/a unha non reutilizable no caso de perda, deterioro ou calquera outra eventualidade que lle suceda á mascarilla.
- Que informarei ó monitor responsable sobre calquera variación na condición de saúde do meu fillo/a compatible cos síntomas do Covid-19 antes do inicio de cada sesión do campamento, así como a aparición de calquera caso de Covid-19 no seu ámbito familiar.
- Acepto polo tanto as circunstancias e riscos que esta situación pode supor durante o desenvolvemento das actividades que se levan a cabo coa participación do meu fillo/a no campamento.
- Comprométome a cumprir coas obrigas que temos as familias en relación coas nosas fillas e fillos mentras participen no campamento.

Entendo que As Mariñas non se fai responsable das contingencias que podan xurdir por incumprimento das miñas obrigas como nai, pai ou titor en relación coa pandemia, durante as actividades desenvolvidas neste campamento.

Finalmente, a día de hoxe, declaro que o meu fillo/a cumpre os seguintes requisitos de saúde necesarios para participar no campamento:

- Non ten enfermidade e/ou síntomas compatibles co Covid-19 (febre, tose, molestia respiratoria, malestar, diarrea ...) ou con calquera outro síntoma de enfermidade contaxiosa.
- Non viviu nin mantivo un contacto estreito cunha persoa positiva de Covid-19 confirmado ou cunha persoa que presentase síntomas compatibles nos últimos 14 días anteriores ó comezo do campamento no que participa.
- No caso de que o meu fillo/a teña patoloxías subxacentes previas ou se atope nunha situación de inmunodepresión ou inmunosupresión (segundo o definido polo seu pediatra) ou que vive nunha casa cunha persoa que pertenza a calquera destes dous colectivos, declaro que os servizos médicos valoraron positivamente e individualmente a idoneidade da súa participación nos campamentos, segundo o informe médico que adxunto demostrando este feito.
- Declaro que o meu fillo/a está ó día coas vacinas definidas para a súa idade pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Adxunto unha fotocopia do libro de vacinación.

Nome e apelidos da nai, pai ou titor legal:

DNI:

Oleiros, a de de 2020.

Asdo:.....